



Concello da Coruña

INSTRUCCIÓN PARA AS PERSOAS ASPIRANTES PARA A REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO POLO QUE SE CONVOCAN 24 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR QUENDA LIBRE (SUBGRUPO C2) C.E. 8/24 (BOP 166 DO 29 DE AGOSTO DE 2024)

1. Obxecto do exercicio

- Consistirá en desenvolver por escrito un cuestionario de 20 preguntas de resposta curta relacionadas co contido total do temario anexo á convocatoria, determinadas polo Tribunal inmediatamente antes da celebración da proba.
- Para a súa realización dispoñeráse de 120 minutos.
- Valorarase a capacidade de análise, así como a claridade e concreción das respostas en relación coa pregunta formulada.

2. Procedemento previo ao comezo

- Entregarase unha folla de datos persoais, que deberá cubrirse ao comezo.
- Unha vez completada, deberá dobrarse e introducirse no sobre facilitado polo Tribunal, que se pechará inmediatamente.

3. Normas para a realización do exercicio

- O exame cubrirase exclusivamente con bolígrafo de tinta azul ou negra.
- Utilizaranse follas autocopiativas proporcionadas polo Tribunal. Só poderá empregarse a cara superior das mesmas. Non serán obxecto de cualificación as respostas escritas no reverso da folla.
- Está terminantemente prohibido asinar ou consignar calquera dato ou sinal identificativo nos impresos. O incumprimento deste punto supoñerá a expulsión inmediata e a non corrección do exame.
- Deberá responderse unha pregunta por folla, seguindo a orde establecida no exame. No caso de que se queira deixar unha pregunta sen contestar, deberá tacharse a folla en diagonal.
- En caso de erro, solicitarase unha nova folla, que substituirá á anterior, a cal será destruída diante da persoa aspirante.
- As follas deberán numerarse antes da súa entrega, indicando en cada unha o número correspondente. O número da pregunta coincidirá co número de páxina. Todas as persoas opositoras deberán entregar, por tanto, 20 páxinas.

4. Garantía de anonimato

- No momento da entrega do exame, colocarase un adhesivo con código de barras tanto no exame escrito como no sobre pechado cos datos identificativos, para garantir o anonimato no proceso de corrección.

5. Cualificación do exercicio

- O exercicio será cualificado cun máximo de 30 puntos.
- Para superalo será necesario obter un mínimo de 15 puntos. Eliminaranse as persoas aspirantes que non alcancen esta puntuación.
- Cada pregunta será valorada cun máximo de 1,50 puntos, e o tribunal determinará o nivel de coñecementos esixido para alcanzar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios xa citados.



6. Desenvolvemento da proba

- O Tribunal avisará cando falten 60, 30 e 15 minutos para a finalización.
- Non se poderá abandonar a sala ata que transcorresen os primeiros 30 minutos.
- As follas de preguntas permanecerán boca abaixo ata a orde de inicio.
- Se algunha persoa non dispón do material necesario, deberá levantar a man e esperar a ser atendida.
- Deberá manterse o DNI ou documento identificativo á vista.
- O material non necesario para realizar a proba deixarase no chan antes do seu inicio.

7. Uso de aparellos electrónicos

- O uso de aparellos electrónicos está estritamente prohibido, polo que deberán permanecer apagados.
- O incumprimento desta norma supoñerá a expulsión inmediata e a non corrección do exame.
- As persoas opositoras deberán manter en todo momento as orellas e os pulsos descubertos, para a comprobación deste extremo.

8. Saídas e incidencias

- Non permitirá abandonar a sala durante a proba, agás entrega do exame ou causas xustificadas. Para calquera incidencia deberá levantar a man.

9. Finalización e entrega

- Unha vez finalizado o exercicio, a persoa opositora deberá levantar a man para comunicar esta circunstancia ao tribunal.
- A continuación, un membro do tribunal ou do persoal colaborador achegarase ao seu posto para proceder á recollida do exame.
- Procederase a separar as follas principais das copias do exercicio e a grampalas en orde, entregándose as copias á persoa opositora.

10. Acreditación da presentación

- As persoas participantes poderán solicitar un certificado acreditativo da súa presentación ao exercicio.